

Os seguintes documentos serven para a realización dunha composición sobre a **DESAMORTIZACIÓN** que xunto con outras medidas (abolición do réxime señorial, desvinculación dos morgados..) conforman o que podemos considerar a “reforma agraria liberal”. Os tres primeiros documentos explicitan o tipo de bens afectados. Os dous últimos textos son valoracións do proceso desamortizador no seu conxunto feitas na época actual por historiadores, que deben axudarche a facer un balance do mesmo, pois o primeiro deles (D.4) céntrase nos resultados sociais, mentres o segundo (D.5) atende sobre todo ós efectos financeiros e económicos.

D. 1.- Real Decreto Declarando la Venta de bienes del Clero (19 de febrero de 1836).

“Atendiendo a la necesidad y conveniencia de disminuir la deuda pública consolidada, y de entregar al interés individual la masa de bienes raíces, que han venido a ser propiedad de la Nación, a fin de que la agricultura y el comercio saquen de ellos las ventajas que no podrían conseguirse por entero en su actual estado conformándose con lo propuesto por el Consejo de Ministros, en nombre de mi excelsa hija la reina doña Isabel II, he venido en decretar lo siguiente: Artículo 1º. Quedan declarados en venta desde ahora todos los bienes raíces de cualquier clase que hubiesen pertenecido a las comunidades y corporaciones religiosas extinguidas y los demás que hayan sido adjudicados a la Nación por cualquier título o motivo. Artículo 2º. Se exceptúan de esta medida general los edificios que el gobierno destine para el servicio público o para conservar monumentos de las artes, o para honrar la memoria de hazañas nacionales. El mismo gobierno publicará la lista de los edificios que con este objeto deben quedar excluidos de la venta pública. Artículo 4º. Que todos los medios rústicos susceptibles de división, sin menoscabo de su valor, o sin graves dificultades para su propia venta, se distribuyan en el mayor número de partes o suertes que se pudiere. Artículo 5º. Que estas suertes se pongan en venta con total separación, como si cada una hubiese compuesto una propiedad aislada. En el Pardo a 19 de febrero de 1836. D. Juan Álvarez Mendizábal Gazeta de Madrid, 21 de febrero de 1836”.

D.2.- Desamortización de Espartero (1841)

“Art. 1. Tódalas propiedades do clero secular(...) son bens nacionais (...)

Art. 3. Decláranse en venda tódalas fincas, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e cofrarías”.

D.3.- Desamortización de Madoz (1855)

“Art.1. Decláranse en estado de venda (...) tódolos predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: Ó Estado. Ó clero. Ás Ordes Militares (...) Ás confrarías, obras pías e santuarios (...). Ós propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrucción pública e calesquera outros pertencentes a mans mortas xa estean ou non mandados vender por leis anteriores”.

D. 4.- O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente enxuiza así a desamortización

“ En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras “mans mortas” non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado (...)

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senon o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...) Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro.”.

D.5.- O historiador Josep Fontana exprésase do xeito seguinte.

“ ¿Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvarlo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse”.

1. Introducción e contexto

A Desamortización foi un feito fundamental na España do século XIX. Enmarcase dentro da chamada “Revolución liberal burguesa”, proceso que pretendía dismantelar as estruturas do Antigo Réxime e remplazalas por un novo modelo de sociedade liberal.

O proceso desamortizador iniciouse cos gobernos ilustrados de Godoy, ministro de Carlos IV (1798) e Xosé I, durante a Guerra da Independencia; continuaron os liberais nas Cortes de Cadiz (1810-12) e no Trienio Liberal (1820-23). Pero as desamortizacións máis importantes tiveron lugar no reinado de Isabel II: a de Mendizábal (1836) e a de Madoz (1855).

O D.1, Decreto de Desamortización dos bens do clero regular, redactado por Mendizábal, corresponde á Rexencia de M^a Cristina. A situación en España era preocupante, xa que comezara a Guerra carlista. Os carlistas, partidarios do mantemento do Antigo Réxime, defendían os dereitos ó trono do infante D. Carlos M^a Isidro. M^a Cristina viuse obrigada a gobernar cos liberais en procura de apoio para a súa filla; primeiro cos moderados e despois cos progresistas.. A desamortización eclesiástica de Mendizábal completouse cos decretos de supresión de señoríos e morgados.

Posteriormente durante a Rexencia de Espartero, 1841, os progresistas fixeron unha lei pola que se poñían en venda os bens pertencentes ó clero secular. D.2.

No Bienio Progresista, o ministro de Facenda Pascual Madoz redactou a Lei Xeral de Desamortización (1855) pola que se puxeron en venda os bens do clero secular que aínda estaban sen vender e os bens municipais de propios e comúns (desamortización civil). (eran bens de propios aqueles que proporcionaban, por estar arrendados, unha renda ó Concello; os comúns eran os que non proporcionaban renda e eran utilizados polos veciños do lugar). D.3.

Os D.4 e D.5. presentan dúas valoracións sobre o proceso desamortizador. Tomás y Valiente critica o procedemento que se seguiu e as súas consecuencias sociais, e Joseph Fontana fala dos resultados económicos.

2. Análise

Os reformistas ilustrados do s. XVIII, preocupados por quitar o máximo rendemento da terra e dos recursos naturais, insinuaron a necesidade de cambiar o sistema señorial da propiedade da terra. No Antigo Réxime a propiedade estaba en mans da nobreza e da igrexa. A maioría das terras estaban amortizadas; no caso dos bens eclesiásticos chamábase “mans mortas”, porque estaban fora da circulación comercial. Os bens da nobreza estaban vinculados ó morgado, é dicir non podían venderse, en beneficio do fillo maior. A mesma vinculación afectaba ás terras municipais, tanto de propios coma comúns.

As terras vinculadas, ademais de non tributar, non podían ser vendidas polos seus titulares, estaban fora de mercado e por isto non podían ser capitalizadas nin melloradas. Si se quería promover a reforma agraria era preciso que pasaran a ser bens privados, desvinculando os bens da nobreza e desamortizando os eclesiásticos e municipais; é dicir, sacalos ó mercado libre. Esta é a tarefa que van levar a cabo os gobernos progresistas.

O primeiro paso era a promulgación de leis para desamortizar e desvincular; no segundo o Estado facíase con eses bens, polo que se convertían en “bens nacionais”; despois sacábanse á venda, mediante poxa pública; o produto sacado aplicabao o Estado ás súas necesidades, principalmente á amortizar a débeda pública..

No decreto de Mendizábal, **Texto. 1**, establecíase a expropiación por parte do Estado dos bens raíces, rendas e dereitos que pertencían ás Ordes relixiosas suprimidas por un decreto anterior. Neste fragmento indícanse algúns dos obxectivos económicos que se pretendían:

- Sanear a Facenda pública, rebaixando a débeda acumulada (Guerra da Independencia, nefasta política económica de Fernando VII, Guerra carlista)
- Mobilizar os bens eclesiásticos amortizados que eran improductivos; ao converterse en propiedade privada medraría a produtividade e crearían riqueza. A desamortización era absolutamente necesaria para o desenvolvemento da industria e o comercio. A eso fai referencia o texto cando di “ a fin de que la agricultura y el comercio saquen de ellos las ventajas”.

Non aparecen neste fragmento outro tipo de causas: Nos artigos 1º e 3º explícase o método: primeiro o Estado incautaba as propiedades eclesiásticas citadas que pasaban a ser bens nacionais, e a continuación eran vendidas en lotes ós particulares. Os lotes non se podían acumular –artigo 4º- para que poideran acceder á propiedade o maior número de propietarios, mais houbo compradores que utilizaron testaferrós para mercar varios lotes. Os compradores podían pagalos en metálico ou con

títulos da débeda. Quedaban excluídos da venda unha serie de edificios que o Estado se reservaba para fins públicos, artigo 2º.

Outros obxectivos (non aparecen no presente texto):

- Ampliar a base social do liberalismo, aumentando o número de propietarios privados que, agradecidos, apoiarian o réxime liberal
- Quitar fondos para o exército liberal (Guerra carlista)
- Dar un golpe á Igrexa polo seu apoio ós carlistas..

Como xa dixemos, a desamortización de Espartero afectou ós bens do clero secular, **Texto. 2º**. En canto á de Madoz, **Texto. 3º**. Chamábase Lei de Desamortización Xeral, porque se poñían en venda tódolos bens de propiedade colectiva, como ben específica o fragmento(Ordes Militares, Cofrarias etc). O método de venda foi similar ó de Mendizábal, pero os obxectivos eran:

- Amortizar a débeda pública
- Financiar a industrialización
- Construción do ferrocarril

As consecuencias das desamortizacións foron moi variadas e existiron grandes diferencias rexionais e locais:

- **Económicas:** Implantouse a economía liberal baseada na propiedade privada e na liberdade de mercado. O Estado conseguiu dminuir a débeda pública, pero non eliminala. Houbo moito “cambio de mans”. Consolidouse a estrutura da propiedade existente, aumentando o latifundismo no centro e no sur. Aumentou a superficie cultivada, mais acompañada de deforestación pola tala masiva de montes, xa que sen investir nada os novos propietarios quitaban unha gran ganancia. Ali onde os novos propietarios investían aumentou a produción agraria sobre todo de trigo e vide, incluso houbo especialización de cultivos (hortofrutícola en Levante); pero a maioría só buscaba beneficios rápidos e seguros.
- **Sociais:** A burguesía urbana e a nobreza foron os principais compradores de bens desamortizados, e convertéronse en terratenentes. Os campesiños vironse perxudicados, privados dos bens comunais; moi poucos poideron acceder á propiedade. O número de xornaleiros sen terras aumentou e empeorou. Foi unha ocasión perdida para facer unha verdadeira reforma agraria. O clero estaba moi molesto cos liberais, unha parte pasou verdadeiras carencias e non poideron continuar coas súas obras de beneficencia. Os moderados fixeron canto poideron para deter o proceso desamortizador, a pesares de ser a burguesía a máis beneficiada coa compra dos bens desamortizados. Unha burguesía cúa mentalidade latifundista e conservadora non soubo aproveitar este proceso para investir na industria, o que retrasará o desenvolvemento industrial do país.
- **Políticas:** Os beneficiados apoiaron ó réxime liberal. As relacións co Vaticano rompéronse ata a sinatura do Concordato de 1851, na que o Estado moderado declarábase oficialmente católico e se comprometía a sufragar os gastos do clero a cambio de que a Igrexa recoñecese as vendas de bens desamortizados.
- **Culturais:** A desamortización fixo un dano moi grande ó patrimonio artístico español (obras de arte, edificios, bibliotecas etc). Os edificios deterioráronse porque os novos propietarios non mostraron interese en conservalos. Pola contra foi positivo que o Estado tivera un patrimonio de edificios públicos que poidera empregar con fins sociais (hospitais, colexios etc)

3. Valoración

A valoración que sobre o proceso desamortizador presenta Tomas y Valiente (**Texto 4º**) é sumamente crítica, tanto co procedemento seguido como coas consecuencias sociais. Así, critica abertamente a desamortización municipal, que expropiou de feito uns bens fundamentais para a subsistencia da poboación rural, pois deixounos desprovistos duns recursos esenciais para o seu gando e para eles: leña, pastos etc.

Refírese logo á crítica que naquel tempo formulou Flórez Estrada, un vello ilustrado, que mantiña como aspiración a creación coa desamortización dunha masa de pequenos e medianos propietarios (aplicando un sistema de entrega de lotes de terra en arrendamento a longo prazo, mantendo o Estado a propiedade das terras). Pero a clave de porque non se aplicou este sistema atópase na explicación de Fontana (**Texto 5º**): a burguesía española pretendía a toda costa dous obxectivos xa sinalados anteriormente: sanear a Facenda pública e costear a Guerra carlista (Mendizábal), e tamén financiar a construción do ferrocarril (Madoz).

En suma, ambas críticas corroboran a natureza da chamada reforma agraria liberal, que non buscaba mellorar a situación do campesiño senon un cambio na propiedade da terra e o apoio das clases beneficiadas ó novo sistema político liberal. A reforma agraria de contido social coa que soñaran algúns ilustrados (Jovellanos) quedouse en nada. Por elo, cando no século XX se volva a prantexar o problema da propiedade da terra, a reforma agraria da Segunda República terá que abordar a expropiación de latifundios e o asentamento dos cultivadores en réxime de propiedade.

NOTA: *para rematar o tema das desamortizacións, non esquezas a particularidade do caso galego (libro de texto, px. 251,252*